


Xosé Otero Canto

OUTONO, MANCEBO CÉFIRO DE ÁS ERGUEITAS

2º PREMIO DA XXXV EDICIÓN DO CERTAME LITERARIO
DO CONCELLO DE VILALBA



ESPIRAL MAIOR
POESÍA

Xosé Otero Canto (Castro de Rei, Lugo, 1951) é catedrático de Lingua Castelá e Literatura e na actualidade exerce de profesor no I.E.S “Lucus Augusti” de Lugo. Como poeta obtivo, entre outros, o 1º Premio do Certame Literario Concello de Vilalba (2008), o 1º Premio do Certame Nacional de Poesía sobre o Nadal (2009) e o 1º Premio do Certame Literario “A Pipa” (2008).

Outono, mancebo céfiro de ás ergueitas obtivo, no ano 2009, o 2º Premio da XXXV Edición do Certame Literario do Concello de Vilalba.

Obra poética:

- Salaios da Chaira* (2006)
Arelas de prata e soños (2008)
Miño, río pai e amigo (2010)

**OUTONO, MANCEBO CÉFIRO
DE ÁS ERGUEITAS**
*de Xosé Otero Canto
obtivo no ano 2009*

*o segundo Premio da XXXV Edición
do Certame Literario do Concello de Vilalba.*

*O Xurado estivo composto por
José María García-Leira Boado (presidente),
José Carlos Rodríguez Andina,
Darío Villanueva e Fidel Fernán,
actuando como secretario Xulio Xiz.*

ESPIRAL MAIOR POESÍA

Diseño: María Pilar Alarcón (TIRANA ARTEL)

Xosé Otero Canto

OUTONO, MANCEBO CÉFIRO DE ÁS ERGUEITAS

**ESPIRAL MAIOR
2010**

ESPIRAL MAIOR POESÍA

Dirección literaria MIGUEL ANXO FERNÁN VELLO

Ilustración da cuberta: Fidel Vidal

Diseño gráfico: MAM Deseño
Maquetación: Amparo Manteiga

Reservados todos os dereitos de reprodución:
nín a totalidade nín parte deste libro
poden reproducirse ou transmitirse por ningún
procedimento electrónico, mecánico ou fotográfico
sen permiso escrito da editorial.

© Xosé Otero Canto
© Edicións Espiral Maior, S. L.

EDICIÓNES SPIRAL MAIOR, S. L.
Rúa da Democracia, 10 – Urbanización Mansosol
15174 – RUTIS – CULLEREDO (A Coruña)
Apartado de Correos 192 – 15080 A Coruña
Teléfono: 881 96 25 27 / Fax: 881 96 25 24
edicions@espiralmaior.com

I. S. B. N.: 978-84-92646-42-5
Depósito Legal: C-2440-2010

CULLEREDO –A CORUÑA – GALICIA – 2010

Para Alfonso Blanco Torrado,
esculador de ventos chairegos
na pradeira alongada da poesía.

Alfonso Blanco Torrado é un escultor galego que se dedica á creación de esculturas en madeira e ferro fundido. Desenvolveu unha súa actividade profesional no campo das artes plásticas, tanto no seu taller de Culleredo como en exposicións individuais e colectivas. É autor de numerosas esculturas de madeira e ferro fundido que se atopan en espazos públicos de Galicia e Portugal. O seu traballo é recoñecido como unha das máis interesantes e singulares producións de escultura contemporánea galega.

En xuño do 2009 cando no marco do Concurso Literario da Concello de Vialba apareceu un poema de Xosé Otero Canto titulado "Alfonso, escultor de ventos chairegos", o autor respondeu ao seu autor con este poema:

A vosa poesía que titulou o seu libro
de poesía "O vento chairego" me inspirou a
escultura de escultura que vos dediquei a súa memoria. Tal comenza a ocorrer nos dous de Olveira Cidada. Na
sua escultura titulada "Alfonso, escultor de ventos chairegos", que titula o seu libro, noutro caso un
outro, eseCentro de arte do vento do que representado
por un ferro fundido que con el erguesta, atañe a esposo
de Olveira Cidada, representado en palabras de Olveira, que
deseñaba flores ás que poso, últimas flores do verán do
noso verano, que permanecen, así que chega co que me
mea trala a súa muerte. Olveira.

Alfonso, escultor de ventos chairegos

Fixouse pensar Olveira no seu aparentemente inocente
vídeo que exibiu con entusiasmo visual de buenas pocias e a
nosa terra, e volvérque non é tan cierto o vínculo que e

ESPIRAL MAIOR POESÍA

Centenario da literatura galega. Antoloxía de poesía

Centenario da literatura galega.
Antoloxía de poesía
dirixida por Xosé Otero Canto.

Editorial Nós. Vigo. 2009.

ISBN 978-84-96114-00-0
EAN 9788496114000

Prohibida su venta y el resto de reproducciones
que no estén autorizadas por el autor o sus herederos.
Todas las imágenes son propiedad del autor
y están protegidas por la legislación vigente.
Prohibida su venta y el resto de reproducciones
que no estén autorizadas por el autor o sus herederos.

Editorial Nós. Vigo. 2009.

ISBN 978-84-96114-00-0
EAN 9788496114000
Todas las imágenes son propiedad del autor
y están protegidas por la legislación vigente.
Prohibida su venta y el resto de reproducciones
que no estén autorizadas por el autor o sus herederos.

E.S. A. Nós. Vigo. 2009.

Editorial Nós. Vigo. 2009.

...as que na cristiandade se daban o estes condicioneis que
se podían en certo modo limitar...
LIMIAR

Tardei en saber de Xosé Otero Canto, pero a fé que desde que o coñeo non ten deixado de sorprenderme pola súa carga poética que como se levase acumulada anos e anos se desfoga en poemas e poemarios que ven a luz en fermosos libros, despois de pasar polas mans de xurados que os consideraron dignos de figurar en lugar destacado do panorama poético do comezo do século XXI.

Foi no verán de 2009 cando no xurado do Certame Literario do Concello de Vilalba apareceu un poemario presentado baixo o lema “No eido do silencio murmurado”, titulado “Outono, mancebo céfiro de ás ergueitas”.

Ás veces, hai orixinais que traizoan o secreto dos certames e, cumprindo escrupulosamente o segredo das bases, despiden un aroma poético que evidencia a súa orixe. Tal comeza a ocorrer coa obra de Otero Canto: xa podemos identificala porque sabe a terra (Terra Chá), a río (o Miño e os seus afluentes), ou a vento, neste caso un céfiro, ese Céfiro deus do vento do oeste representado por un fermoso mozo con ás, ergueitas, amante e esposo de ninfas e deusas, mancebo en palabras de Otero, que derramaba flores ó seu paso, últimas flores do verán se acaso –quizais as Tollemerendas– xa que chega co que na nosa terra é o fermoso Outono.

CÉFIRO DE ÁS ERGUEITAS

Fíxome pensar Otero no seu aparentemente inocente céfiro que acariña con sorriso outonal os seus poemas e a nosa terra, e velaquí que non é tan etéreo o vencello que o

poeta establece entre o vento e a nosa Chaira xa que descubro que o equivalente a este grego Céfiro na mitoloxía romana non é outro que Favonio (de Favonius, favorable), vello coñecido dos chairegos desde que a el nos achegou o crego poeta José María Chao Ledo no seu inesquecible canto á volta da primavera:

O brando Favonio xa sopra na veiga,
O merlo asubía fervendo de amor;
A doce rulíña xa brua na chousa;
Xa atruxa nos soutos o cuco traidor.
O noso labrego sorrindo ademira
Os agros inmensos que veñen e van;
Os agros inmensos que chucha Favonio,
Os agros inmensos e as combas que fan.

E ata pode ser –ese vento do oeste, suave, lento– o que facía suspirar a Rosalía coidando poder usalo como etéreo transporte para volver á Terra:

Airiños, airiños, aires,
Ariños levaime a ela.

MÚSICA NO VENTO

Hai ventos para cada tempo e cada lugar. Hai ventos para “outonos de rezos e sons acompañados”, que acarriñan “no eido do silencio murmurado”, que chamán “en arrolos apaxados con sedas de luz e crinas de cabalos”.

Estrutura Xosé Otero Canto este libro como un concerto poético outonal dividido en tres partes: unha inicial Fuga, seguida dunha Suite e rematada por unha Sonata.

FUGA

Falan as Fugas de contrapuntos –tema e contratema, suxeito e contrasuxeito–, aparecendo nesta un tema principal aloumiñado en doce lóstregos poéticos.

Na “exposición” –parte da Fuga onde o tema se modula en cada unha das voces– aparece o vento que “domina e acariña”, “chama”, “arromba”, “acanea”, “son grazas as súplicas e pregos de morte os rumores”, “escana as árbores”, “choquelea as lousas”, “alenta levidade”, “cobreguea besbellos”, “anaina millos”, “esborralla casas” e “enlouquece xentes”.

E desde aquí mestúranse a “sección media” e a “final” de toda Fuga, desenvolvendo as voces cada un dos temas, logrando fermosas descripcións, vibrantes poemas ó vento que nos leva, e crónica social de actualidade que nos devolve supetamente á máis crúa realidade:

Acaneas ponlas e carrexas salaios
que renxen as árbores arrandeándose
ao son das carriquetas axexantes do outono
e dos grilos agochados nas grileiras,
e das mulleres malladas que caladiñas senten
os golpes da incomprendición e da loucura
duns homes que din ter querenza,
e son abaneadas e vilipendiadas
polo aire do poder vestido de autoridade
e de negróns vermellos e malvas,
en silencios envoltos en grisallos
de labazadas en meixelas percutidas,
e tanxen as campás azoutadas dos ventos,
mortes sen respuestas en palabras de vento,
en zunidos de caraxe,
en xenreira de rabia,
en furor dos demanchiños do inferno.

Pero non esquezamos que o abano de voces que o vento outonal nos ofrece, prisma dodecagonal que o transfigura e multiplica, é un ser vivo, protagonista esencial deste libro e da vida que ó fin ven ser:

Coma unha xostra de vento reboleado
esbandallando as vergas dos garellos
vestidos de verde albanel,
nas alturas cimbreadas
anasando as hebras e pandeando o trigo.

E teñamos presente tamén que nesta Fuga o vento non esquece a súa raíz, a terra que señorea, a terra que disfruta e que lle doe, soñando quizais coa postreira sonata da emigración outonal.

Galicia das sete cidades vestidas
cun sete nas rachadelas da xente,
feito nas silveiras dos abandonos,
rasgando as amoras da emigración
naemerxencia dun vento que toca campás
de abandono,
na noite murchada
co vento dos silencios.

SUITE

Nas Suites, primitivas sonatas, brevísimos movementos musicais proporcionan imaxes rítmicas variadas. Esta suite das paisaxes de outono, presentada por Otero como apuntes para sonetos cos sonetos que os redondean, é un heptámero que nos fala de follas e de árbores, de casas “de carne e pedra”, de salitres e liques, de cabalos da néboa e casas de “muros borallentos”, nas que

Está o picaporte igual que o outono,
de cor ocre enferruxado,
osmando un porvir amacelado
da Galiza de verdes prados,
de lingua aurilucente que perde os costumes,
o léxico e o fado.

Todo é presenza (nostalgia) outonal, de follaxe cansada, de “mudez dos corpos” e de “nudez da nada”, de árbores que “verten sangue en regueiros de follas”... preparándose para a sonata final.

Trátase dun “sono melancólico profundo” que “aso-laga conciencias no sosego da atardecida”, na que

Choran os poucos toxos que se escaparon
/á mantenza dos prados
en orballos líquidos espiñando costumes:
de fornos sen roxar, de cortes sen estrar,
de cabalos sen toxo picado;
e non entenden o porqué do seu perseguir,
do seu vivir esgrevio e enfasiado.

SONATA (DA EMIGRACIÓN OUTONAL)

Fuga e Suite preparaban a Sonata. Otero busca a culminación poética coa Sonata dedicada á emigración outonal. Emigración que é morrer un pouco, vivisección social, infame fendedura entre doulos mundos lonxanos:

Silencio, non hai ninguén nas agras;
marcharon todos á cidade entolecida.
.....
E nós aquí, en silencio,
E eles tremelando de medo
sen un rego onde plantar unhas fabas engurradas.

E os eidos abandonados
e as casas esborrallándose no azul do ceo.
ata cando?
Tempo e río.

Sonata da transición do outono ó inverno, pero tamén anuncio dunha segura primavera. Que pode chegar demasiado tarde. Ou pode representar un final lonxano e feliz.

Ve a luz agora este poemario en forma de libro, pola afortunada decisión do Concello vilalbés de editar os traballois premiados no seu Certame, para contribuír á difusión do premio e ó coñecemento das obras premiadas.

E o primeiro ano na xa longa traxectoria deste prestixioso Certame que as obras que o Xurado distingue reciben o espaldarazo definitivo da súa posta ó dispor do público gorentoso de poesía, nunha acción que resulta xeitosa para o Certame, para o concello convocante, e naturalmente para os premiados que obteñen así constancia plena do seu galardón e da calidade da súa creación.

Como quere Otero Canto, gloria sexa dada ó outono (mancebo céfiro) que nos proporciona (este libro é a proba)

Praceres de pombas, de panos, de cabelos,
presentindo na simboloxía do vento
a fala do noroeste coma un alento
de galegos en arroulos de sons sinxelos.

Amén.

XULIO XIZ

I

O VENTO: FUGA A DOCE VOCES

E os eidos abracadabas
e as casas estiveram desse no eido do vento
de cando?

... e ne...

O VENTO: O ADIÁ A DOCES ACES

Somos da tristeza de outono o inverno, para quem amar o inverno, mas os seguidos tempos de luto pode chegar demais tanto tempo. Ora podia ser o outono, um final de vida, ou talvez...

... ve lá, fiz agora este poemário em forma de libro, pela afortunada decisão da Companhia vinícola de sidra os trabalhos premiados da seu Carnaval, para constituir a duração do presente ao conhecimento das obras produzidas.

Este poemário nasce da fessa tristeza da vida desse poema. Considero que o outono é a morte de um sonho, o esvaziamento definitivo da vida, a morte da possibilidade de crescimento, tanto é que esse resultado serve para o Carnaval, para o outono, para o inverno, e necessariamente para os poemários que nascem em consequência da paixão dos seus palhaços e diversidade da sua criação.

Como queijo Choco Flante, queira nova cada o outono trazendo velhos, mas novos poemários (este novo e o anterior).

Braceiro de bombas, de paixões, de caleidoscopios, de preservando na simbólica do vento
a fala do inverno com o alento
de gallegos em armadilhas de sono atacadas.

... e ne...

... e ne... e ne... e ne... e ne... e ne... e ne... e ne...

O VENTO

1

POR que me dominas
e acariñas
no eido do silencio murmurado?

2

Por que me chamas
en arrolos apaxados
con sedas de luz e crinas de cabalos?

3

Por que me arrombas
como as árbores dos cómaros
e as flores desfloradas
dos valados?

4

Por que acaneas
o sistro do mobiliario da terra
neste outono de rezos
e sons acompanhados?

5

Por que son grazas as súplicas
e pregos de morte
os rumores
entre o borboriño das follas,
acochados?

6

Por que escanas as árbores,
as espigas e o millo
nun balbordo troupelado
de bulicio presentido?

7

Por que choqueleas as lousas,
arteiro vento,
descubridor de niños osmados
entre as silveiras e toxos
de frío desmaiados?

8

Por que a señardade sen vida,
na cidade sen vento,
alenta levidade
e suor de monotonía
velaíña e cansada?

OTMERO

9

Por que cobreguea besbellos,
o vento puro,
o vento enxebre nas herbas
da campía verdegada?

10

Por que esborrallas casas,
vento ousado,
baluarte de desgrazas
e de sons acompañados?

11

Por que tanxes liras,
desensilveiras amoras
e anainas millos
de follas pendurados?

12

Por que enlouqueces xentes
e fas que as realidades
deveñan
trastornadas?

19

*Por que me dominas
e acariñas
no eido do silencio murmurado?*

CON este pano de seda traspasado
e esta casca de pel aloumiñada,
con esa muselina incorpórea de ouca pendurada;
pasas, troita viscosa de vento,
luíndo formas de presentimentos
nun manantío de aire no relanzo dos días...
no mansío das horas...
no velaíño da brisa...
no cofar dos cabelos presentidos
en labros secos de beiramar apaixados,
de borboriños de voces esquecidas
nas engueimadas árbores do outono
que abranguen soildades de tempos idos,
sen clamores, en degaros de praceres
no mornío dun céfiro presaxiado,
dun céfiro que marca compases de sol e auga,
de leite e mel na luz epidérmica
e sempre triste
da mañá extasiada no bule bule dos praceres.
Dorme apracible na Galiza calma.
Quedo de luz, quedo de silencio.
Quedo das horas.

*¿Por que me chamas
en arrolos apaxados
con sedas de luz e crinas de cabalos?*

POMBAS, no largacío da mañá, fluíndo
como pinceis na transparencia,
roubando formas acariñadas en sedas,
de cabalos de vento
coas crinas ao aire...
degolando.

Panos, nos adeuseas das ondas, frouxeando
como follas de outono,
arrolando estampas siluetadas en aires
de moedas de árbore
coas ás ao vento...
degoirando.

Cabelos, na presenza da face, aloumiñando
como caricia de pícaro,
adondando caras amantiñas en sedas
de meiga vaidade
cos dedos ao mol...
atemerando.

Praceres de pombas, de panos, de cabelos,
presentindo na simboloxía do vento
a fala do noroeste coma un alento
de gallegos en arroulos de sons sinxelos.